

Biblioteca Municipal Antas de Ulla Antas de Ulla

O grupo de teatro da Biblioteca Municipal, de Antas de Ulla, nace como unha actividade máis da Biblioteca, dentro das programadas como animación e lectura e, ao mesmo tempo, co fin de que a biblioteca sexa un centro de socialización e convivencia de persoas de diferentes idades e formación cultural.

A primeira actuación ten lugar o 25 de decembro, do ano 1995, na Casa da Cultura de Antas de Ulla.

Ao longo destes anos, temos actuado en moitos concellos de toda Galiza, colexios e até fóra da nosa Comunidade autónoma como Bilbao, Barcelona... No 2006, acadamos o 2.º Premio GZCREA da Xunta de Galiza, quedando, no ano 2010, finalistas no dito certame. Desde 1996, contamos cun profesor de teatro, José Jorge García (Jouse), que tamén dirixe as obras, salvo no 2005, ano en que nos dirixiu Xavier Deive.

Cada temporada faise unha convocatoria para aqueles veciños/as que queiran formar parte do grupo. Actualmente, somos 56 persoas de idades comprendidas entre os 4 e os 46 anos. O grupo está coordinado por Teresa Batán (bibliotecaria de Antas de Ulla).



Romeo e Xulieta

Sinopse: Cando todas e todos escoltamos estes nomes sabemos moi rápido o que significan, están na nosa mente directamente relacionados co amor, a traxedia, o odio, a morte e Shakespeare. Pero nós somos diferentes... e atrevémonos cada ano con calquera cousa, e cando buscabamos un texto para montar, alguén dixo unha comedia, e outros dixeron *Romeo e Xulieta*, e eu dixen pois as dúas cousas, así que dito e feito, durante uns meses fixemos un curso intensivo de *clown* e mans a obra, nunca mellor dito. Que fixemos? Pois rir, moito, todo o que puidemos. Porque non se pode montar unha traxedia en ton de comedia? Que pasa se os personaxes non sofren tanto? Que pasa se en vez dos Montesco e os Capuleto, son os Deportivistas e os Celtarras? Que pasa se nos tomamos a morte a risa? Que pasa se o pasamos ben facéndoo? Pois nada... Que facemos teatro ao noso xeito, coa nosa paixón e coas nosas ganas de pasalo ben, que ao fin e ao cabo é diso do que se trata. Gocen da función e agardamos que Shakespeare non levante a cabeza, porque senón...

Autores/as: Grupo de Teatro
Biblioteca Antas de Ulla
Dirección: Jouse García
Elenco: 19 actrices e actores

Duración: 60 minutos

